

**BASES DA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS DE  
ACCIÓNS FORMATIVAS DO COTSG EN  
MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN  
2025**

Data do documento: 02/08/2023

## 1. XUSTIFICACIÓN

O Colexio de Traballo Social de Galicia (COTSG) é un referente formativo na Comunidade Autónoma galega no eido do traballo social e da intervención social, desenvolvendo accións formativas en distintas modalidades: presenciais, semipresenciais e en liña.

Debido á dispersión xeográfica da nosa Comunidade Autónoma, así como ás necesidades de conciliación da poboación, a formación en liña está a ter nos últimos anos unha boa acollida entre as persoas colexiadas. Ante esta realidade, dende o COTSG apostamos por continuar e consolidar a oferta formativa na modalidade de teleformación, facendo pública un ano máis a presente convocatoria.

## 2. OBXECTIVOS

- Organizar accións formativas en modalidade en liña que conxuguen a formación de calidade cun prezo accesible.
- Mellorar e ampliar a formación e os posibles campos de traballo no eido social, das persoas colexiadas.
- Promover a participación das persoas colexiadas na práctica docente.
- Favorecer a accesibilidade á formación das persoas colexiadas a través dun sistema flexible que permita a conciliación da vida.
- Achegar a formación do COTSG a outras persoas que se atopen fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 3. ACCIÓNS FORMATIVAS

### a) TEMÁTICA DOS CURSOS

Propóñense as seguintes liñas temáticas como prioritarias – que non exclusivas – ó ser demandas formativas feitas polas persoas colexiadas:

1. Na área de Saúde:
  - Muller e saúde mental
  - Prevención de suicidios
  - Acompañamento en procesos de duelo, perda...
2. Diversidade Funcional:
  - Novo baremo de valoración da discapacidade

3. Na área de Migracións:
  - Mediación Intercultural.
  - Migracións, sexualidade e Violencia de xénero
  - Intervención con migracións. O proceso migratorio. Trámites, xuízos e acompañamento.
  - Estranxeiría
  - Sensibilización
4. Traballo social no Sistema Xudicial:
  - Intervención social con persoas con discapacidade: Novo sistema de apoios.
  - Peritaxe Social
5. Persoas Maiores:
  - Atención e intervención con persoas maiores
6. Infancia e adolescencia:
  - Intervención ca infancia e adolescencia
7. Familias:
  - Intervención Familiar
  - Mediación Familiar
  - Mediación Escolar
  - Terapia Familiar Breve
8. Pobreza e Exclusión social:
  - Pobreza enerxética
  - Acceso a vivenda: exclusión habitacional
  - IMV
  - Orientación Laboral
  - Intervención con persoas en situación de drogodependencia
9. Colectivo LGTBI
  - Intervención con colectivos LGTBI. Casos prácticos. Identidades de xénero.
10. Protección de Datos no traballo social.
11. Área de necesidades profesionais:
  - Emprendemento dende o traballo social. TS por conta propia
  - Autocoidado, coidados, redes sociais, etc.
  - Prevención do síndrome de Burn\_Out

- Xestión de estrés, habilidades sociais
- SIUSS
- Plan Concertado
- Xestión de recursos humanos
- Elaboración de Informes Sociais (informes de vulnerabilidade, etc.)
- Seguridade Social: Información e prestacións
- Investigación, redacción e comunicación dende o Traballo Social
- Xestión de equipos, comunidades
- Traballo Social con grupos
- Novas TICs
- Intelixencia artificial
- Manexo de escalas de valoración
- Elaboración de plans, programas. Xestión de recursos con financiamento público

12. O Traballo Social en situacións de emerxencia.

13. O Traballo Social educativo

Teranse en conta outras áreas temáticas, especialmente aquelas que sexan innovadoras.

## **b) ALUMNADO**

As persoas destinatarias dos cursos serán prioritariamente:

- persoas colexiadas tituladas recentemente e/ou que se atopen en situación de desemprego.
- persoas precolexiadas: alumnado que está a cursar o Grao en Traballo Social.
- persoas colexiadas que desexen recibir formación específica no eido que se oferte.

No caso de quedar prazas dispoñibles nas accións formativas ofertadas poderanse inscribir persoas doutros colexios profesionais de Traballo Social, así coma persoas non colexiadas.

## **c) NÚMERO DE PRAZAS POR ACCIÓN FORMATIVA**

O número de prazas ofertadas para cada curso será de 30, reservándose o COTSG o dereito a suspendelo 10 días antes do comezo da acción formativa, no caso de non acadar un mínimo de 15 persoas matriculadas.

En caso de que as solicitudes sexan superiores a 30, poderíase valorar a posibilidade de programar 2 edicións do mesmo curso.

#### **d) DURACIÓN DOS CURSOS**

A duración das accións formativas en modalidade en liña serán como mínimo de 30 horas. As propostas que se presenten deben axustarse aos seguintes tipos:

- TIPO 1: 30 horas de duración.
- TIPO 2: 50 horas de duración.
- TIPO 3: 100 horas de duración.

#### **e) DATAS**

A persoa ou persoas que presenten a proposta marcarán as datas que teñen como preferencia para a realización da acción formativa. O COTSG, en función das solicitudes recibidas, valorará a posibilidade de respectar as mesmas, reservándose o dereito a modificalas, previo acordo entre as partes, co obxecto de poder realizar unha planificación das accións formativas eficiente.

As datas de inicio e fin das accións formativas dependerán da duración e organización das mesmas. A modo de orientación, establécese a seguinte pauta:

- TIPO 1 ( 30 horas): dun a dous meses de duración.
- TIPO 2 (50 horas) de dous a catro meses de duración.
- TIPO 3 (100 horas) de tres a seis meses de duración.

#### **f) REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DA CERTIFICACIÓN DA FORMACIÓN**

Para a obtención da certificación que acredite o aproveitamento da formación será imprescindible cumprir cos **requisitos específicos** de avaliación que contemple cada acción formativa, nos prazos establecidos.

Para a avaliación da acción formativa poden incluírse algunha ou varias das seguintes actividades: realización de cuestionarios de avaliación, participación en foros, realización de casos/tarefas prácticas, visualización e/ou participación nas sesións online que se programen, etc.

#### **g) DIFUSIÓN**

Xunto coa solicitude (**Anexo I**), a persoa ou persoas que realizan a proposta, deberán achegar o **Anexo II** debidamente cumprimentado (modelo de proposta formativa), para poder darlle difusión á acción formativa.

## 4. REQUISITOS DAS PROPOSTAS

### a) DOCENCIA

Cada curso poderá contar con unha ou varias persoas docentes, sempre e cando o **50% das mesmas sexan profesionais do Traballo Social colexiadas**.

As persoas/s docente/s deberán:

- Estar colexiada/s no COTSG no momento da realización da proposta e no momento de levar a cabo a acción formativa.
- Atoparse nun destes supostos:
  - o Acreditar experiencia profesional no eido da acción formativa presentada (mínimo 4 anos) e experiencia docente (mínimo 2 cursos ou 50 horas de docencia).
  - o Acreditar experiencia profesional no eido da acción formativa presentada (mínimo 3 anos) e experiencia docente (mínimo 3 cursos ou 100 horas de docencia)
  - o Acreditar experiencia profesional no eido da acción formativa presentada superior a 5 anos.

A experiencia profesional e/ou formativa acreditarase mediante **certificado da empresa/entidade ou contrato de traballo**.

- Estar ao corrente nos seus deberes coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria. De ser seleccionado/a, no momento da sinatura do contrato, deberá xustificarse esta condición aportando os certificados vixentes emitidos pola Seguridade Social e a Axencia Tributaria, ou ben asinando a correspondente Declaración Xurada.
- Manexar con soltura a plataforma moodle, ou realizar unha formación básica, a cargo do COTSG, previa á execución da formación prevista.
- Como criterios adicionais, valorarase de xeito favorable:
  - o Formación complementaria en metodoloxía didáctica
  - o Formación especializada e/ou complementaria no eido da acción formativa
  - o Acreditación de voluntariado relacionado coa temática proposta
  - o Figurar no Catálogo de Docentes do COTSG

## b) CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS FORMATIVAS

OBRIGATORIOS	ADICIONAIS
<p>Calidade da proposta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Inclúe cando menos 1 sesión virtual/online para exposición e/ou aclaración de conceptos/contidos</li> <li>- Inclúe cando menos 2 actividades de avaliación, de entre as seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>o Test</li> <li>o Exercicio práctico</li> <li>o Participación en foro/debate</li> <li>o Participación en sesión online/virtual</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Innovación</li> <li>- Inclusión nalgunha das áreas prioritarias definidas no apartado 3.a)</li> </ul>
Non coinciden os contidos con formación impartida dende o COSTG no ano anterior	

## 5. RÉXIME ECONÓMICO

Establécese a seguinte retribución económica bruta para a persoa ou persoas docentes, da que se realizará a correspondente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF 15%):

- Curso de 30 horas: 600 €
- Curso de 50 horas: 1.000 €
- Curso de 100 horas: 2.000 €

Non se aboará ningún outro gasto (elaboración de materiais, teléfono, desprazamentos, peaxes, aparcamento,...) ocasionado pola organización da acción formativa.

A previsión de custo da matrícula para o alumnado por curso, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno do COTSG celebrada o 11/05/2022 relativo á aplicación do 50% de desconto nos prezos das accións formativas organizadas desde o Colexio, é a seguinte:

- Nos cursos de 30 horas: 20 € para persoas colexiadas e 40€ para persoas non colexiadas.
- Nos cursos de 50 horas: 34 € para persoas colexiadas e 67€ para persoas non colexiadas.
- Nos cursos de 100 horas: 67 € para persoas colexiadas e 134 € para persoas non colexiadas.



## 6. CONDICIÓN S CONTRACTUAIS E DE FACTURACIÓN

O contrato de prestación de servizos deberá asinarse dixitalmente e cun mínimo de 10 días naturais previo ao inicio da acción formativa.

A facturación do servizo deberá efectuarse en todo caso pola/s persoa/s titular/es dos contratos de acción formativa, ben sexan estas físicas ou xurídicas.

No suposto de que exista máis dunha persoa docente deberán incluírse todas como titulares do contrato, podendo abonar a retribución económica indicada na BASE QUINTA a cada unha delas por separado e de xeito proporcional ás horas de formación efectivamente impartidas.

## 7. ORGANIZACIÓN DOS CURSOS

### a) Corresponde ao persoal docente:

- Presentar a proposta da acción formativa ao COTSG.
- Remitir o contido do curso 10 días antes da data de comezo da acción formativa.
- Firmar o contrato pertinente 10 días antes do comezo do curso, preferentemente de xeito dixital.
- Emitir factura ou recibín. A facturación deberá efectuarse pola persoa adxudicataria do contrato, ben sexa física ou xurídica.
- Elaborar un informe de avaliación do desenvolvemento do curso (informe de seguimento de cada persoa alumna do curso).
- Contestar aos correos do alumnado nun prazo máximo de 48 horas.
- Dinamizar a acción formativa a través da plataforma de teleformación do COTSG (Moodle).
- Elaborar os cuestionarios e/ou actividades da acción formativa para subir á plataforma.
- Realizar o seguimento dos foros, actividades, etc.

### b) Corresponde ao COTSG:

- Elaborar o contrato pertinente.
- Definir, de xeito coordinado coas persoas docentes, as datas nas que se celebrará o curso.
- Xestionar a organización do curso.
- Facilitar ao alumnado a información referente á acción formativa.
- Confeccionar a listaxe de alumnado.
- Asistencia técnica á docencia no desenvolvemento das súas funcións.

- Administrar e resolver as dúbidas relacionadas coa plataforma de teleformación do COTSG.
- Dar de alta as accións formativas, ao alumnado e á persoa ou persoas docentes na plataforma de teleformación do COTSG.
- Elaborar os diplomas de asistencia.
- Remitir un informe coas valoracións do alumnado (resumo dos resultados da enquisa de satisfacción).

## 8. DOCUMENTACIÓN A APORTAR

- Solicitude debidamente cumprimentada (ANEXO I), acompañada da **documentación acreditativa** pertinente.

As solicitudes deben estar **correctamente cumprimentadas e asinadas**. No caso de propostas presentadas por máis dunha persoa docente, nomearase unha persoa representante, que será quen asine a solicitude, debendo entregar o anexo III (equipo docente), cumprimentado e asinado por tódalas persoas docentes. A persoa representante debe estar colexiado/a no COTSG.

Se a proposta é presentada por unha entidade, esta asinarase pola/o representante legal da mesma, quen deberá estar colexiado/a no COTSG.

A documentación acreditativa dos requisitos será copia auténtica electrónica dos documentos orixinais. No momento en que a proposta pase a ser seleccionada, o COTSG poderá solicitar a presentación dos documentos orixinais.

- Modelo proposta formativa (ANEXO II). No modelo deberá incorporarse un pequeno resumo do currículo vitae da persoa ou persoas docentes, vinculado a temática da proposta que se presente. **Remitirse formato (Word e Pdf)**.
- Documento relativo ao equipo docente (ANEXO III). Só no caso de que a proposta sexa presentada por máis dunha persoa docente.

**Nota:** non será necesario presentar aquela documentación que obre nos arquivos do COTSG, sempre e cando non teña variado. Deberá indicarse na solicitude ou nun documento explicativo a documentación afectada por esa circunstancia e a data de presentación.

## 9. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O **prazo** para presentar as propostas das accións formativas do COTSG na modalidade de teleformación para o ano 2025 **ábrese o 7 de agosto e finaliza o 3 de novembro de 2024 ás 24.00 horas**. Aquelas persoas interesadas en presentar propostas formativas pasado o prazo de presentación de solicitudes, poderán facelo, quedando as mesmas arquivadas para valorar na seguinte programación que se realice dende o COTSG (previsión para o ano 2025), ou tamén para casos nos que se cancelen accións formativas ofertadas durante o ano 2024.

Cada ano o COTSG fixará o **número de propostas que serán seleccionadas** antes da apertura da convocatoria. Este ano o COTSG seleccionará **un máximo de 6** accións formativas. No caso de que non haxa suficientes propostas que reúnan os requisitos, poderían realizarse menos.

En cada convocatoria **só se permitirá presentar unha proposta por persoa colexiada**.

As persoas colexiadas interesadas na convocatoria deberán presentar unha solicitude de proposta normalizada (anexo I), modelo de proposta formativa (anexo II) e de ser o caso, o documento do equipo docente (anexo III), acompañados da documentación requirida, a través dos seguintes medios:

- por correo-e no enderezo-e: [formacion@traballosocial.gal](mailto:formacion@traballosocial.gal)
- ou entregala directamente no departamento de administración da sede do COTSG. Rúa Dublín 6 baixo – 15.707 Santiago de Compostela,

Confirmarase a recepción de cada solicitude mediante correo-e.

## 10.FUNCIONAMENTO DA CONVOCATORIA

A apertura da convocatoria colgarase na páxina web do COTSG con toda a documentación referente á mesma. No Fío Directo do mes no que se abre a convocatoria enviarase un recordatorio do prazo de apertura.

A listaxe provisional de propostas recibidas de cursos en teleformación do COTSG que cumpran cos requisitos fixados nos puntos 3 e 4, publicarase na páxina web do COTSG nun prazo máximo de **5 días hábiles** dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

O persoal técnico do COTSG/Comisión de Formación, tras valorar as propostas recibidas en base á calidade técnica e metodolóxica do proxecto, á experiencia profesional, á formación complementaria, ás demandas colexiais e, de ser o caso, tendo en conta os resultados da votación da colexiación,

elaborará unha proposta de programación de cursos de teleformación para a súa aprobación pola Xunta de Goberno. Unha vez aprobada a proposta pola Xunta de Goberno, abrirase un período de reclamacións de 5 días hábiles.

Resoltas as reclamacións, procederase á publicación da listaxe definitiva aprobada pola Xunta de Goberno do COTSG.

## 11. OUTRAS CUESTIÓN DE INTERESE

A persoa ou persoas seleccionadas para impartir a docencia deberán cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social, de Prevención de Riscos Laborais, e de Protección de Datos de Carácter Persoal.

En ningún caso, a selección da proposta dará lugar a vinculación laboral algunha co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

A persoa ou persoas que presten os servizos de docencia teñen a obriga de manter o segredo profesional e a confidencialidade respecto aos datos de carácter persoal aos que tiveran acceso por razón do contrato de prestación de servizos de docencia, cumprindo en todo momento o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR).